



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

“BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS MUNICIPAIS DE APOIO AO PAGAMENTO DA VIVENDA HABITUAL”

ANUNCIO

Mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Betanzos en data 24 de agosto de 2023, aprobáronse as “BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS MUNICIPAIS DE APOIO AO PAGAMENTO DA VIVENDA HABITUAL” financiadas coa achega provincial POS +Adicional 1/2023 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023.

Betanzos, a 29 de agosto de 2023

A Alcaldesa,
María Barral Varela

Axudas extraordinarias municipais de apoio ao pagamento da vivenda habitual

Primeiro. *Obxecto.*

Esta convocatoria ten por obxecto a concesión de axudas ao pagamento da vivenda habitual, mediante adxudicación directa ás persoas inquilinas dun contrato de alugamento ou dun préstamo hipotecario dunha vivenda situada no Concello de Betanzos coa finalidade de contribuír a paliar as consecuencias socioeconómicas da actual crise entre os colectivos máis vulnerables.

Segundo. *Requisitos das persoas beneficiarias.*

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas físicas maiores de idade que na data da presentación da solicitude cumpran os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española ou residir legalmente en España, no caso das persoas estranxeiras.

b) Ser titular, en condición de persoa inquilina dun contrato de alugamento ou dun préstamo hipotecario dunha vivenda situada no Concello de Betanzos.

c) Que a vivenda constitúa a súa residencia habitual no momento da solicitude. A persoa beneficiaria debe constar empadroada no concello de Betanzos nesta ou noutra vivenda, cunha antigüidade mínima de seis meses.

d) Estar en situación de vulnerabilidade económica considerando isto cando o conxunto dos ingresos do ano 2022 dos membros da unidade de convivencia non superen, con carácter xeral 2 anualidades do IPREM vixente por doce mensualidades (14400 €)

Este límite ampliarase a 2,5 anualidades do IPREM vixente por doce mensualidades (18000 €) no caso de grupos de familias de especial consideración: familias numerosas, familias monoparentais, familias con persoas maiores ao cargo, familias con persoas con discapacidade ao cargo, familias acolledoras e familias vítimas de violencia de xénero.

Os ingresos da unidade de convivencia calcularanse sumando a base impositiva xeral e a especial da declaración da renda das persoas físicas do ano 2022 de todos os membros da familia.

Con carácter excepcional, as persoas afectadas por ERTE ou, no caso de autónomos ou réximes especiais que cesaran a súa actividade ou reduciran os ingresos en máis dun 75%, poderán solicitar que se teña en conta a súa situación económica actual.

2. Non poderá concederse a axuda cando a persoa solicitante ou algunha das persoas integrantes da súa unidade de convivencia se atope nalgunha das situacións que a continuación se indican:

a) Ser propietario ou usufrutuario dalgunha vivenda en España no caso de solicitar a axuda ao alugamento e dunha segunda vivenda no caso de optar pola axuda ao préstamo hipotecario. Para estes efectos, non se considerará que se posúe a propiedade ou o usufruto dunha vivenda se o dereito recae unicamente sobre unha parte alícuota desta e foi obtido por herdanza ou transmisión mortis causa sen testamento. Exceptuaranse deste requisito tamén ás persoas que, sendo titulares dunha vivenda, acrediten a non dispoñibilidade dela por causa de separación, divorcio ou por calquera outra causa allea á súa vontade ou cando a vivenda resulte inhabitable ou inaccesible por razón de discapacidade da persoa solicitante ou dalgún membro da súa unidade familiar.

b) No caso de solicitar a axuda ao alugamento, ter parentesco en primeiro ou segundo grao de consanguinidade ou de afinidade coa persoa que teña a condición de arrendador da vivenda.

Terceiro. *Contía, duración e finalidade das axudas.*

1. A contía desta axuda será de ata 300 euros mensuais, sen que en ningún caso poida exceder do importe da renda do contrato ou da mensualidade do préstamo hipotecario.

As axudas concedidas abonaranse de acordo coa normativa orzamentaria con cargo á aplicación orzamentaria 231/480.00 (Código de proxecto 2023/3/0/15) e ata un importe máximo de 70.149,17 €.

2. A axuda concederáse durante un período máximo de catro meses, podendo ter efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro do 2023.

A prioridade de concesión de mensualidades determinarase en función do menor resultado de aplicar a seguinte fórmula: ingresos da unidade de convivencia / contía límite de ingresos da unidade de convivencia.

3. As axudas teñen un carácter finalista e van destinadas a facilitar medios para facer fronte ás consecuencias socioeconómicas da actual crise entre os colectivos máis vulnerables.

Cuarto. *Forma, lugar e prazo de presentación de solicitudes.*

1. Solicitudes:

A presentación de inscricións realizarase preferentemente a través da sede electrónica do Concello de Betanzos <https://sede.betanzos.gal>. Serán válidos os medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Excepcionalmente as persoas que acrediten que non contan con medios necesarios para realizalo por vía electrónica poderán contactar cos servizos sociais para recabar asistencia e soporte.

2. Documentación que se deberá achegar:

- a) Solicitud: Anexo
- b) Fotocopia do contrato de alugamento ou fotocopia do préstamo hipotecario segundo o caso.
- c) Certificado de conta bancaria da que a persoa solicitante sexa titular.
- d) Xustificación bancaria do pagamento do alugueiro ou o préstamo hipotecario referido ás mensualidades para as que se solicita a axuda.

No caso de que o xustificante sexa un recibo deberán constar, como mínimo, os seguintes datos:

Datos identificadores da persoa arrendadora, datos identificadores da persoa inquilina, identificación da vivenda, contía abonada, mes ao que se refire o pagamento e referencia expresa a que a mensalidade está pagada.

- e) De ser o caso, xustificación de estar afectado/a por un ERTE ou, no caso de autónomos, xustificante de cese de actividade ou redución de ingresos en máis dun 75%.
- f) De non autorizar á consulta, xustificante de empadramento colectivo.
- g) Declaración responsable de que nin a persoa solicitante nin ningunha outra integrante da súa unidade de convivencia é propietaria ou usufrutuaria dalgunha vivenda en España no caso de solicitar a axuda ao alugamento e dunha segunda vivenda no caso de optar pola axuda ao préstamo hipotecario.
- h) Declaración responsable de que nin a persoa solicitante nin ningunha outra integrante da súa unidade de convivencia ten parentesco en primeiro ou segundo grao de consanguinidade ou de afinidade coa persoa que teña a condición de arrendador da vivenda.
- i) Declaración responsable de que todos os datos da solicitude son certos.
- j) Calquera outra documentación necesaria para acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos.
- k) Declaración responsable de non atoparse incurso a persoa solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A declaración poderá ir asinada pola persoa solicitante ou representante legal, pai, nai ou titor.
- l) Certificación acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria estatal e autonómica, co Concello de Betanzos e a Seguridade Social. Na solicitude o interesado autoriza ao Concello a consultar o cumprimento deste apartado.

De conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante LPACAP), os interesados teñen dereito a non aportar documentos que xa se atopan en poder da Administración actuante ou foran elaborados por calquera outra Administración. En cumprimento do disposto no segundo parágrafo do apartado 2 deste mesmo artigo, o Concello de Betanzos, e sempre que técnicamente sexa posible, solicitará as certificacións que deban emitir á Axencia Estatal de Administración Tributaria, á Tesourería Xeral da Seguridade Social, á Axencia Tributaria de Galicia e ó propio Concello de Betanzos, para verificar o cumprimento deste apartado.

Con todo, a persoa solicitante ou o seu representante poderán opoñerse expresamente á consulta ou obtención da documentación sinalada, debendo neste caso, presentar a documentación acreditativa nos termos previstos regulamentariamente, aportando as certificacións acreditativas oportunas.

m) Declaración da persoa solicitante da subvención na que consten as subvencións e axudas solicitadas para o mesmo fin, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas. A declaración poderá ir asinada pola persoa solicitante ou representante legal, pai, nai ou titor.

No caso de que a documentación solicitada fora achegada anteriormente polo interesado a calquer outra Administración, con base no artigo 28.3 da LPACAP, o Concello de Betanzos non requirirá a súa presentación. Neste caso, o interesado deberá indicar en qué momento e ante qué órgano administrativo presentou os citados documentos.

Para recabar esta información, o Concello de Betanzos deberá obtela electrónicamente a través das súas redes corporativas ou dunha consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa ou a lei especial aplicable requira o seu consentimento. Excepcionalmente, se o Concello de Betanzos non puidera recabar os citados documentos, poderá solicitar novamente ao interesado a súa achega.

O Concello poderá establecer nas bases específicas de cada convocatoria as instancias tipo para a presentación da solicitude. Como anexo establécese un modelo de instancia tipo.

3. Prazo de presentación:

O prazo de presentación de solicitudes será de quince días hábiles a contar dende o día seguinte a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto. *Procedemento de concesión e requirimentos de emenda. Resolución.*

1. Se a solicitude presentada non reunise os requisitos esixidos, requirirase a persoa solicitante para que no prazo de dez días hábiles a emende ou achegue os documentos preceptivos, advertíndoa de que, no caso de non atender o requirimento, se considerará que desiste da súa petición, de acordo co establecido no artigo 68 da LPACAP.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a persoa solicitante poderá ser requirida para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. A resolución estimará, desestimarán ou declarará a inadmisión da axuda ao pagamento da vivenda habitual. A resolución de concesión indicará a contía da axuda e as mensualidades subvencionadas.

Sexto. *Pago e xustificación das axudas.*

O concello aboará o importe da subvención concedida logo da presentación dos xustificantes bancarios do pagamento do alugueiro ou do préstamo hipotecario referido ás mensualidades para as que se solicita a axuda.

No caso de que o xustificante sexa un recibo deberán constar, como mínimo, os seguintes datos:

Datos identificadores da persoa arrendadora, datos identificadores da persoa inquilina, identificación da vivenda, contía abonada, mes ao que se refire o pagamento e referencia expresa a que a mensualidade está pagada.


Tendo en conta o carácter retroactivo da convocatoria, a xustificación poderanse presentar xunto coa solicitude. No caso de optar á súa presentación con posterioridade a concesión, a persoa beneficiaria disporá de quince días a contar dende a recepción da notificación para presentar a xustificación.

O pago da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta indicada pola persoa solicitante e titular do contrato de alugamento ou do préstamo hipotecario.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1
15300 Betanzos (A Coruña)
Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

www.betanzos.gal
https://sede.betanzos.gal
correo@betanzos.net



AXUDAS EXTRAORDINARIAS MUNICIPAIS DE APOIO AO PAGAMENTO DA VIVENDA HABITUAL (SOLICITUDE)

DATOS RELATIVOS AO/A INTERESADO/A

NOME E APELIDOS:

DNI/NIF: _____ **TELÉFONO/S:** _____

ENDEREZO :

CIDADE: _____ **PROVINCIA:** _____ **C.P.:** _____

ENDEREZO ELECTRÓNICO:

DATOS RELATIVOS AO/A REPRESENTANTE

NOME E APELIDOS:

DNI/NIF: _____ **TELEFÓNO/S:** _____

ENDEREZO :

CIDADE: _____ **PROVINCIA:** _____ **C.P.:** _____

ENDEREZO ELECTRÓNICO:

MEDIO PREFERENTE DE NOTIFICACIÓN

POSTAL TELEMÁTICO

AXUDA A QUE OPTA

ALUGAMENTO

PRÉSTAMO HIPOTECARIO

A persoa interesada ou representante declara:

• Que nin a persoa solicitante nin ningunha outra integrante da súa unidade de convivencia é propietaria ou usufrutuaria dalgunha vivenda en España no caso de solicitar a axuda ao alugamento e dunha segunda vivenda no caso de optar pola axuda ao préstamo hipotecario.

• Que nin a persoa solicitante nin ningunha outra integrante da súa unidade de convivencia ten parentesco en primeiro ou segundo grao de consanguinidade ou de afinidade coa persoa que teña a condición de arrendador da vivenda.

• Que todos os datos da solicitude son certos.

• Que non se atopa incurso a persoa solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

• Autorizo ao Concello de Betanzos a que consulte as obrigas coa AEAT e a CC.AA, a Seguridade Social e co Concello de Betanzos, así como o empadramento.

Que NON se recibiron outras axudas na unidade familiar.

Que SI se recibiron outras axudas: Contía solicitada:

Axuda concedida:

Organismo:

Documentación que se achega:

De ser o caso, xustificación de estar afectado/a por un ERTE ou, no caso de autónomos, xustificante de cese de actividade ou redución de ingreso en máis dun 75%.

Certificado de conta bancaria da que a persoa solicitante sexa titular.

Fotocopia do contrato de alugamento ou fotocopia do préstamo hipotecario segundo o caso.

Xustificación bancaria do pagamento do alugueiro ou o préstamo hipotecario referido ás mensualidades para as que se solicita a axuda.

No caso de que o xustificante sexa un recibo deberán constar, como mínimo, os seguintes datos: datos identificadores da persoa arrendadora, datos identificadores da persoa inquilina, identificación da vivenda, contía abonada, mes ao que se refire o pagamento e referencia expresa a que mensalidade está pagada.

Anexo I. Autorización de consulta de datos do IRPF do último período impositivo do resto da unidade familiar.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1
15300 Betanzos (A Coruña)
Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

www.betanzos.gal
https://sede.betanzos.gal
correo@betanzos.net

AXUDAS EXTRAORDINARIAS MUNICIPAIS DE APOIO AO PAGAMENTO DA VIVENDA HABITUAL

- Opóñome expresamente a que se consulten ou soliciten estes datos ou documentos a través da redes corporativas ou mediante consulta da Plataforma de Intermediación de Datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para iso.

Nome ou dato da documentación:

Motivación:

- Fun informado de que este Concello vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.

Responsable	Concello de Betanzos
Finalidade Principal	Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións administrativas derivadas destes.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a este Concello. Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións; Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local;
Destinatarios	Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional
Información Adicional	Poden consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na seguinte url www.betanzos.gal

LUGAR	DATA	SINATURA

SRA. ALCADESA DO CONCELLO DE BETANZOS

O RESPONSABLE DE TRATAMENTO DOS DATOS PERSOAIS É O CONCELLO DE BETANZOS, CON ENDEREZO NO EDIFICIO LICEO, PRAZA DE GALICIA N.º 1, 15300, BETANZOS (A CORUÑA), CORREO@BETANZOS.NET. 1. DPO. O DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS DO CONCELLO DE BETANZOS É SERVIZOS DE ADAPTACIÓN CONTINUA EN PROTECCIÓN DE DATOS RB, S.L. CO QUE PODERÁ CONTACTAR EN CORREO@BETANZOS.NET. 2. FINALIDADE DO TRATAMENTO. OS DATOS SERÁN UTILIZADOS PARA PRESTARLLE O SERVIZO SOLICITADO NA PRESENTE INSTANCIA, ASÍ COMO A XESTIÓN ADMINISTRATIVA DERIVADA DESTA. PARA O SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO, É MOI IMPORTANTE QUE NOS INFORME CORRECTAMENTE DO ESTADO DE SAÚDE E DOS TRATAMENTOS QUE ESTEA A RECIBIR. NO CASO DE QUE OMITISE ALGÚN TIPO DE INFORMACIÓN OU NON NOS INFORMASE CORRECTAMENTE, PODERÁN PRODUCIRSE DANOS NA SÚA PERSOA DOS QUE SÓ VOSTEDE SERÁ RESPONSABLE. PRAZO DE CONSERVACIÓN. OS DATOS FACILITADOS CONSERVARÁNSE MENTRES SE MANTÉÑA A NOSA RELACIÓN E MENTRES NON SE SOLICITE A SUPRESIÓN DESTES. 3. LEXITIMACIÓN. ESTE TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS ESTÁ LEXITIMADO POLO CONSENTIMENTO QUE NOS OUTORGA COA SINATURA DA PRESENTE CIRCULAR. 4. DESTINATARIOS/AS DE CESIÓNS. EN CASO DE SOLICITAR O SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO, O CONCELLO DE BETANZOS FACILITARÁ OS SEUS DATOS DE CARÁCTER PERSOAL Á EMPRESA CONTRATADA POLO CONCELLO PARA PRESTARLLE ESTE SERVIZO. EN CASO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS OU OUTRO TIPO DE AXUDAS ECONÓMICAS, OS DATOS PERSOAIS FACILITARÁNSELLE A TODAS AS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS CON COMPETENCIA NA MATERIA, POR SER XESTORAS DESTAS. 5. DEREITOS. TEN VOSTEDE DEREITO A ACCEDER, RECTIFICAR OU SUPRIMIR OS DATOS ERRÓNEOS, SOLICITAR A LIMITACIÓN DO TRATAMENTO DOS SEUS DATOS ASÍ COMO OPOÑERSE OU RETIRAR O CONSENTIMENTO E SOLICITAR A PORTABILIDADE DESTES EN CALQUERA MOMENTO. O CONCELLO DE BETANZOS DISPÓN DE FORMULARIOS ESPECÍFICOS PARA FACILITARLLE O EXERCICIO DOS SEUS DEREITOS. PODE PRESENTAR A SÚA PROPIA SOLICITUDE OU SOLICITAR OS NOSOS FORMULARIOS, SEMPRE ACOMPAÑADOS DUNHA COPIA DO SEU DNI PARA ACREDITAR A SÚA IDENTIDADE.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1
15300 Betanzos (A Coruña)
Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

www.betanzos.gal
https://sede.betanzos.gal
correo@betanzos.net



AXUDAS EXTRAORDINARIAS MUNICIPAIS DE APOIO AO PAGAMENTO DA VIVENDA HABITUAL (ANEXO I)

COMPROBACIÓN DE DATOS DOS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR.

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, declaran ter sido informadas da incorporación dos seus datos ao expediente en tramitación. No caso de que terceiras persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar copia dos documentos.

1. DATOS DOS MEMBROS DO RESTO DA UNIDADE FAMILIAR:

NOME E APELIDOS	NIF	COMPROBACION DE DATOS Os seguintes datos das persoas interesadas serán obxecto de consulta ás administracións publicas	SINATURA
		AUTORIZO A CONSULTA (Consentimento para a comprobación de datos)	
		Declaración do IRPF correspondente o último período impositivo <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		Declaración do IRPF correspondente o último período impositivo <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		Declaración do IRPF correspondente o último período impositivo <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		Declaración do IRPF correspondente o último período impositivo <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
		Declaración do IRPF correspondente o último período impositivo <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	

*De non ser suficiente o espazo previsto no cadro anterior deberanse cubrir e enviar tantos anexos como sexan necesarios

**No caso de non autorizar a consulta deberá achegar o documento correspondente.

SRA. ALCADESA DO CONCELLO DE BETANZOS

O RESPONSABLE DE TRATAMENTO DOS DATOS PERSOAIS É O CONCELLO DE BETANZOS, CON ENDEREZO NO EDIFICIO LICEO, PRAZA DE GALICIA N.º 1, 15300, BETANZOS (A CORUÑA), CORREO@BETANZOS.NET. 1. DPO. O DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS DO CONCELLO DE BETANZOS É SERVIZOS DE ADAPTACIÓN CONTINUA EN PROTECCIÓN DE DATOS RB, S.L. CO QUE PODERÁ CONTACTAR EN CORREO@BETANZOS.NET. 2. FINALIDADE DO TRATAMENTO. OS DATOS SERÁN UTILIZADOS PARA PRESTARLLE O SERVIZO SOLICITADO NA PRESENTE INSTANCIA, ASÍ COMO A XESTIÓN ADMINISTRATIVA DERIVADA DESTA. PARA O SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO, É MOI IMPORTANTE QUE NOS INFORME CORRECTAMENTE DO ESTADO DE SAÚDE E DOS TRATAMENTOS QUE ESTEA A RECIBIR. NO CASO DE QUE OMITISE ALGÚN TIPO DE INFORMACIÓN OU NON NOS INFORMASE CORRECTAMENTE, PODERÁN PRODUCIRSE DANOS NA SÚA PERSOA DOS QUE SÓ VOSTEDE SERÁ RESPONSABLE. PRAZO DE CONSERVACIÓN. OS DATOS FACILITADOS CONSERVARANSE MENTRES SE MANTEÑA A NOSA RELACIÓN E MENTRES NON SE SOLICITE A SUPRESIÓN DESTES. 3. LEXITIMACIÓN. ESTE TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS ESTÁ LEXITIMADO POLO CONSENTIMENTO QUE NOS OUTORGA COA SINATURA DA PRESENTE CIRCULAR. 4. DESTINATARIOS/AS DE CESIÓNS. EN CASO DE SOLICITAR O SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO, O CONCELLO DE BETANZOS FACILITARÁ OS SEUS DATOS DE CARÁCTER PERSOAL Á EMPRESA CONTRATADA POLO CONCELLO PARA PRESTARLLE ESTE SERVIZO. EN CASO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS OU OUTRO TIPO DE AXUDAS ECONÓMICAS, OS DATOS PERSOAIS FACILITARÁNSELLE A TODAS AS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS CON COMPETENCIA NA MATERIA, POR SER XESTORAS DESTAS. 5. DEREITOS. TEN VOSTEDE DEREITO A ACCEDER, RECTIFICAR OU SUPRIMIR OS DATOS ERRÓNEOS, SOLICITAR A LIMITACIÓN DO TRATAMENTO DOS SEUS DATOS ASÍ COMO OPOÑERSE OU RETIRAR O CONSENTIMENTO E SOLICITAR A PORTABILIDADE DESTES EN CALQUERA MOMENTO. O CONCELLO DE BETANZOS DISPÓN DE FORMULARIOS ESPECÍFICOS PARA FACILITARLLE O EXERCICIO DOS SEUS DEREITOS. PODE PRESENTAR A SÚA PROPIA SOLICITUDE OU SOLICITAR OS NÓSOS FORMULARIOS, SEMPRE ACOMPAÑADOS DUNHA COPIA DO SEU DNI PARA ACREDITAR A SÚA IDENTIDADE.